

osini

PALAVRA

5

I

Esta é unha pequena escena dunha peza inacabada que se desenrola no século XII galego e está protagonizada polo arcebispo Xelmírez e a rainha Dona Urraca. O inefábel Xelmírez, fuxindo do levantamento da burguesía compostelá vai vai pedir asilo á rainha Dona Urraca e ista agasalla-o coa cabeza de Santiago Alfeo. Os burgueses compostelás ao se enteirar da nova reliquia conquistada polo seu arcebispo, esquencen os seus ódios, e reciben a Xelmírez nas murallas da cidade con grandes músicas e grande ledízia. Até aquí o feito histórico. De agora en diante a licéncia dramática.

ESCENA

DIALOGO DE CAMA CAMERA POST ACTUS AMATORIIUS

Xelmírez e Urraca descansan pracidamente despois do orgasmo conquistado. Xazen no real leito que resulta ser unha cama elástica.

URRACA.- (perdidos os ollos nos teitos elevados e as súas dúas mans baixo a cachola) Mmmmmm. paz e satisfacción.

XELMIREZ.- (na mesma posición) paz da névoa soleada, plenitude do esforzo recompensado.

URRACA.- (voltando a testa cara o compañeiro e descargando o intenso ollar nos ollos flotadores) que belas aguamariñas a contemplar na dignidade astuta e reconcentrada do teu rosto insigne! (ergue--se adúladora e sibilina) que teño eu para o meu cabaleiro da longa espada, erguida e sábia? (con carantoñas de xogadora trunfante e aquí te amarro para sempre) que teño eu para o xinete mais hábil e cabalgador dos ventres anceiantes? que teño, eh? (cóxegas abondosas) que teño?...

XELMIREZ.- (retozando cumprido e rinte e ofegante e desencadernante) unha florciña famenta e polposa? un cálice de oricalco e malaquite? uns peitiños doces e leitosos? un sarafísimo de Floréncia de cinco quilos de ouro, diamantes e pedrarias?.

URRACA.- (extendendo os xoguiños por todo o corpo machil) frío, frío, galopin, fríisimo, como a neve. Nada de tesouros ultraxantes de espíritos elevados. Nada de regalos mídicos e infieis. É unha cousiña descarnada e poderosa que posue propiedades abracadabrantes para os señores con vasalos xeniudos que queren decapitar ao seu dono natural.

XELMIREZ.- (erguendo-se dun salto e collendo as mans de Urraca) dime que é, miña raiña, dime que é...

URRACA.- xa cho direi, menino, xa cho direi. Non sexas impaciente meu homopoderoso, que aínda latexan as horas intermináveis do noso divertimento pracenteiro. Esvaremos de novo no paradiso de toma e dame e que gosto "DEUS MEU".

XELMIREZ.- Pecadora insaciável, rencarnación da lascívia satánica, quei-memo-nos ambos os dous no paradiso prohibido do gozo "SUM ETER-

NUM”, pero antes obséquia ao teu cabaleiro co dón da súa salvación temporal.

URRACA.- Logo, pequecho, logo, chegue-che agora con saber que a tua absolución é completa e que entrarás glorioso e trunfante no teu reino rebeldón.

Xogo amatório que poidera ser un baile de aloumiños de pé sobre a cama, acompañados de sons paradisíacos dos protagonistas e algunha canción ritualo-fálico-vaxinal apostillada con latinórios, entre cahóndicos xogos. Despois da satisfacción total, Urraca, baixa do leito encuando di: “pecha os ollos e abre a boca”. O amante obedece, mentras a amante colle algo que se mete baixo as saias da súa camisa de durmir e subindo de novo ao leito pon-se diante do espadachin inefábel sostendo coas súas mans, o bulto que arrinca do baixo ventre. O amante escomeza a palpar o corpo e axiña topa co bulto. Abre os ollos e mete as mans baixo as saias. Entre risos e xolgórios o acertador espadachin logra desembarazar o obxecto das saias fimininas, pero solta-o inmediatamente cun berro e un susto mais que respeitável. Unha repulsiva cabeza meio momificada, roda do leito ao chan con ruído xordo e lúgubre. A coro as gargalladas de burla da amante que se desternilla.

XELMIREZ.- Polo Apostolo que non lle atopo a grácia!.

URRACA.- Coitado, home de pouca fé: Como deixas cair ao chan a santísima cabeza de Santiago Alfeo?.

XELMIREZ.- **(embargado polos moitos embargues)** Santo, santo, bendecido, bendecido, aleluia, aleluia...! **(recolle o preciadísimo tesouro do chan**

e contempla-o trasposto e transido) con ista as miñas reliquias suman...(fai calculos) miña raiña, miña raiña, adoro-te, loubo-te, (cai de xionllos, cun brazo estendido sostén a cabeza, co outro arrodea as pernas de Urraca encuanto empeza a lamer-lle todo o corpo para materializar todo o que lle dixo antes, mostrando así a súa sinceridade e agradecemento).

CON ESTA ULTIMA VISION, FINALIZA A ESCENA DA CAMA
CAMERA POST ACTUS AMATORIIUS.

Dorotea Barcena

Compostela, Entroido 1990

